

Nihilismo, vitalismo e transvaloración en Nietzsche

1.- INTRODUCCIÓN

1.1.- Socio-histórica

O feito histórico fundamental que caracteriza a sociedade de principios do século XIX é a industrialización. De acordo con os ideais ilustrados, esperábase da industrialización o progreso da humanidade, o fin da miseria humana e o nacemento dunha nova orde social no que a industria proporcionaría non só riqueza e prosperidade material, senón o perfeccionamento cultural e por tanto moral do xénero humano. Con todo, a realidade estaba a mostrar xusto o contrario: a explotación do home polo home a través dunha industria que erguíase sobre unhas infames condicións de traballo para a masa obreira. A poboación europea multiplícase apiñada nas cidades. En 1798, Malthus afirma, no seu "*Ensaio sobre a poboación*", que: mentres a produción de recursos crece en proporción aritmética ($n \times n$), a poboación faio en progresión xeométrica (n elevado a n), polo que no futuro, a terra non bastará para alimentar a toda a poboación e produciríase unha loita pola supervivencia na que gañará o máis forte.

Esta teoría é a semente do Nacionalismo como doutrina política que defende a crenza nas virtudes superiores da poboación nativa respecto das outras, e o seu dereito para loitar e impoñerse sobre as demais. A necesidade de fornecer ás fábricas de materias primas baratas e escasas en Europa, teñen como consecuencia o espolio que EEUU e Europa exerceron sobre os continentes africano e asiático a través da política colonialista. No século XIX asistimos á formación das nacións europeas (unificación de Italia e Alemaña, desmembramento do imperio turco e nacemento de Grecia, Rumanía e Bulgaria). Xurde un "ideal civilizador", marcadamente etnocéntrico con intereses económicos. Este nacionalismo está na base dos conflitos entre nacións que orixinaran a Iª Guerra Mundial e das ideas racistas que van cobrando forza.

Politicamente, o século XIX está marcado pola irrupción de varias correntes ideolóxicas enfrontadas entre si. Por unha banda, o **liberalismo** que aínda que en principio defínese como unha reivindicación da liberdade, en realidade o que se defende é a liberdade para a clase social burguesa, principal defensora desta ideoloxía. Cobra importancia o liberalismo económico, que é a base do capitalismo, é dicir, a liberdade dos mercados contra a intervención do Estado en materia económica e social. Ao liberalismo opóñenselle os movementos democráticos que loitan pola instauración dunha democracia universal e non censataria. No último terzo do século aparecen as doutrinas políticas **socialistas e anarquistas**.

1.2.- Cultural

No ámbito cultural, o século XIX está marcado pola influencia de dúas correntes ideolóxicas e artísticas sucesivas e opostas: o **Romanticismo**, que aparece a principios de século como

reacción á Ilustración, e o **Positivismo** da segunda metade do século, que xorde como alternativa aos excesos románticos.

O **Romanticismo** destaca o valor do sentimento, a intuición e a imaxinación como vías de acceso ao mundo. Fronte ao mecanicismo da ciencia ilustrada (Newton), o Romanticismo aposta por unha concepción da natureza como un organismo vivo e en constante evolución. Neste movemento cultural aparecen as figuras de Lord Byron, Goethe, Delacroix, Chopin, etc... Tamén é romántico o filósofo que máis fondamente influíu no pensamento do século XIX: Hegel. Contra os excesos do Romanticismo xorde o **Positivismo**. Esta é unha nova visión da realidade, que quere aterse aos feitos obxectivos e á ciencia.

A finais do século XIX e principios do século XX xorde o **Vitalismo**, corrente filosófica que reivindican a vida como realidade primeira e radical á que todo o demais debe subordinarse. Como o concepto de vida pode entenderse en sentidos moi diversos: biolóxico, histórico, biográfico... Son considerados “vitalistas” autores tan distintos como Bergson, Nietzsche, Ortega...

1.3.- Filosófico

O vitalismo de Nietzsche foi herdado da filosofía de **Schopenhauer**, do que adoptou a primacía da vontade sobre a razón e a crítica á moral kantiana. Nietzsche rexeitou os valores ilustrados e a súa defensa da razón especulativa como instrumento de comprensión do mundo.

O vitalismo é un rexeitamento de todo intelectualismo e positivismo; é unha exaltación dos instintos, dos impulsos inconscientes e da intuición irracional. É a actitude “dionisiaca”, desbordada e orgásmica, fronte á actitude “apolínea”, comedida, proporcionada e respectuosa cos valores tradicionais.

1.4.- Vital

Friedrich Wilhelm Nietzsche naceu en 1844 en Röcken e morreu no 1900 en Weimar, Alemaña. Foi filósofo, poeta, compositor musical e filólogo alemán. cuxa obra exerceu unha profunda influencia no pensamento contemporáneo da cultura occidental. Considerado un dos “filósofos da sospeita”, a historia de occidente é incomprendible sen o seu pensamento.

De pequeno viviu nun ambiente feminino, relixioso e moi ríxido coa súa avoa materna, a súa nai, as irmás solteiras do seu pai morto e a súa irmá. Desde a súa mocidade, Nietzsche padecerá frecuentes momentos de debilidade física xeneralizada, con épocas de carencia visual que rozaba a cegueira, forte hemicrania e violentos ataques estomacais. Aínda así graduouse en 1864 con excelentes calcificacións e inicia os seus estudos en teoloxía na Universidade de Bonn. Pero Nietzsche nunca se sentiu cómodo nese ambiente e, para desgusto da súa nai, abandona os seus estudos e comezou os de filoloxía clásica. Nun ano recibiu unha oferta extraordinaria da Universidade de Basilea para exercer como profesor de filoloxía clásica antes de licenciarse, sendo así o profesor máis novo da universidade. Despois de trasladarse a Basilea, Nietzsche renunciou á súa cidadanía alemá, manténdose durante o resto da súa vida oficialmente apátrida.

Participou na guerra franco-prusiana onde contraeu difteria e disentería, enfermidades que remataron de lle arruinar a saúde para sempre. En 1879, despois dun declive grave, viuse forzado a abandonar o seu posto como profesor. Conducido pola súa enfermidade para

atopar climas máis mornos, Nietzsche viaxou por Alemaña e o sur de Europa. En 1882 coñeceu a Lou Andreas-Salomé e a Paul Rée con quen formaron un trío intelectual moi produtivo. Pero Nietzsche namorouse dela, o cal provocou unha situación ambigua e incómoda entre os tres amigos, debido a que Rée á súa vez interesábase por Lou. Cando Nietzsche pediulle que casase con el, Salomé rexeitouno. As relacións de Nietzsche con Salomé e Rée romperon e Nietzsche nunca se recuperou.

O 3 de xaneiro de 1889 Nietzsche sufriu un colapso mental resultado dun desorde público polas rúas de Turín. En 1893, Elisabeth Nietzsche tómao ao seu cargo quedándose con toda a produción do seu irmán. “Estudou” todos os seus traballos tomando control sobre eles e a súa publicación e utilizándoos de maneira irregular. En 1900, Nietzsche morreu en estrañas circunstancias despois de contraer pneumonía. Por desexo de Elisabeth, foi inhumado xunto ao seu pai na igrexa de Röcken. A causa do colapso nervioso de Nietzsche foi un tema de especulación debido á súa orixe incerta. Un frecuente e temperán diagnóstico atribuíuno a unha infección de sífilis. Con todo, algúns dos síntomas de Nietzsche non eran consistentes con esta condición. Outro diagnóstico posible é un meninxioma dereito retroorbital, un tipo de tumor cerebral.

1.3.- Obra

- *Aurora. Reflexiones sobre los prejuicios morales* (1881)
- *Humano, demasiado humano* (1882)
- *Así habló Zaratustra* (1883, I y II; 1884, III; 1885, IV)
- *Más allá del bien y del mal.* (1886)
- *La genealogía de la moral.* (1887)
- *El Anticristo.* (1888)
- *El ocaso de los ídolos, o cómo se filosofa a martillazos* (1889)
- *Ecce homo. Cómo se llega a ser lo que se es* (1889)

2.- “A FILOSOFÍA A MARTELAZOS”: A CRÍTICA TOTAL

2.1.- A crítica da cultura occidental

Nietzsche escribiu sobre temas tan diversos como arte, filoloxía, filosofía, música, historia, relixión, ciencia ou teatro. Toda a filosofía de Nietzsche é unha crítica radical e furibunda, feita dende a rabia e a xenialidade que o caracteriza, á vida e aos valores polos que se rexe a sociedade occidental de principios do século XX. Así que o primeiro será ver que é o que ataca e por que. Isto obriga a elaborar unha mirada retrospectiva a todo o pensamento filosófico.

Pensamento presocrático: os primeiros pensadores (os **milesios**) explicaron a realidade a través do *arché* que era aquilo do que todo estaba feito; o primeiro principio era inmanente porque formaba parte da *physis* pero xa suxería un afastamento da realidade sensible en tanto que supoña que este primeiro principio subxacía ao aparente e non era visible aos sentidos (o aparente explícase polo que non se ve: o transcendente explica o inmanente). Con **Parménides** (**monismo estático**) as cousas só fan que empeorar: o pensador elimina a realidade das cousas, as cousas deixan de ser, desaparece a inmanencia e postula unha realidade ontolóxica transcendente (o Ser); os entes desaparecen e ceden a realidade a un ente que nin vemos nin coñecemos. Aparece a **Metafísica** e desaparece o **mundo da vida**. **Heráclito** é o único pensador aceptado por Ntzs porque asume o risco do devir constante da vida sen ningunha

realidade ou fundamento metafísico que a explique; non ten medo ao cambio constante e á non-permanencia. Pero o pensamento e a cultura occidental son temerosas, odian o cambio constante, senten vertixe se non poden aferrarse a algo estable, así que o pensamento de Heráclito será abandonado.

Pensamento clásico: Sócrates (“o gran traidor”) dá o paso a un paradigma antropolóxico. Dirá que o SH é esencialmente racional, a razón é a súa esencia e é o que o define. Por tanto insta a intelectualidade (razón) por enriba do instinto e a vida (sentidos) que son propios da animalidade. Este é un paso que ten consecuencias éticas colosais: prima a alma (a racionalidade do SH) por enriba do corpo (onde residen os instintos que convértese en mero instrumento ao que hai que ter controlado). De esta maneira prodúcese unha reestruturación dos valores: os verdadeiros valores ata ese momento (os dos guerreiros aristócratas da *Iliada* e a *Odisea*) que estaban ligados á vida, ao que aparece, ao corpo (forza, astucia, fama, poder, saúde, beleza) quedan desbancados ou sometidos aos valores da alma (os das relixións órficas) que son absolutamente antinaturais (a renuncia, a contención, o compartir, a misericordia, o sometemento, a fealdade, a enfermidade). Isto produce un choque importante no SH que debe aceptar como “o bo” todo aquilo que non lle apetece facer e renunciar a todo o instintivo por ser “o malo”. Baixo o punto de vista de Ntzs, Sócrates pecha a época arcaica, relixioso-festiva, e penetra a época da razón organizadora, intelectual, moralizante e castradora. Pero esta interpretación non fixo senón empezar con Sócrates, e será a figura de **Platón** a culminación de este “proxecto” moral, político, artístico e ontolóxico. Platón establece abertamente unha dicotomía ontolóxica desquiciante: o mundo sensible, o inmanente, o da vida, queda desprestixiado ata o punto de “non existir” por se mesmo; é unha “copia”, un degradado de outra realidade superior transcendente á que debe o seu ser. É Platón quen constrúe este mundo pero a semente xa estaba en Sócrates. Platón asocia o logos (razón) á forma, e a forma á verdade; o válido é o lóxico, o ordenado, o racional. A vontade e a ilusión/instinto quedan sometidas ao raciocinio, e condenados á inmoralidade.

Pensamento medieval: o pensamento platónico é a base do cristianismo que rexerá Europa durante vinte séculos. O **cristianismo** reforza, a través do concepto de creación, a subordinación das criaturas respecto de Deus (dos entes respecto do Ser e do inmanente respecto do transcendente). Así o mundo do cambio, do nacemento e a morte, o mundo da vida, non se xustifica por el mesmo, queda baleirado de valor en si; existe só en función do outro mundo. Reforzase a idea del más allá (do que non vemos) como razón de ser do que vemos. A escatoloxía da redención da vida pola morte crea unha esquizofrenia absoluta no SH: a vida é a morte e a morte será a vida. Como consecuencia aparece unha actitude vital (e moral): desprezo polo mundo no que vivimos, pola vida, polo cambio, pola imperfección; e paixón polo mundo da perfección que non coñecemos.

2.2.- A crítica á metafísica occidental: a aparición do IDEALISMO FILOSÓFICO

Como consecuencia da dura crítica á historia do pensamento occidental, podemos dicir que Ntzs está facendo unha crítica corrosiva á toda a metafísica feita en occidente. Pensa que esta está baseada en tres supostos falsos:

- A antítese entre o mundo aparente e o mundo obxectivo
- A fe desmesurada na razón

- A crenza no coñecemento obxectivo

2.2.1.- Antítese entre o mundo aparente e o mundo obxectivo: a metafísica móvese pola crenza de que a realidade non pode reducirse á aparencia sensible e que o mundo ten que “posuír” outro aspecto máis aló do empírico. Isto ven dado porque ve (a metafísica) falta de consistencia ontolóxica en todo o sensible porque predomina o cambio, a multiplicidade e o desorden. A aparencia sensible parécenos “pouco” e provoca a reacción de buscar algo máis aló, busca a “verdadeira realidade do mundo” caracterizada pola unidade, orden e permanencia. A metafísica busca a causa dos entes en outro ser que non podemos ver (incluso na metafísica de Aristóteles moito máis realista que a de Platón, existe unha esencia máis aló da aparencia sensible; existe unha ousía que subxace aos accidentes aparentes).

Esta maneira de entender o mundo trae consigo uns valores éticos determinados: desprestixio do aparente por enganoso, das cousas materiais por ser precederas e cambiantes e por falta de unidade, do instintivo por afastarse da auténtica esencia humana que é a racionalidade (Ntzs rechaza esta idea); a aparencia é unha obxección á verdade. **Esta valoración negativa da aparencia sensible é unha valoración moral.** Pensar nun mundo ideal máis aló do presente é unha idealización filosófica.

2.2.2.- Fe desmesurada na razón: o segundo presuposto da metafísica occidental que está directamente relacionado co anterior, é a desconfianza nos sentidos e a fe na razón. Igual que a tendencia do SH era buscar unha realidade ontolóxica máis aló do mundo real, existe máis confianza en aquilo do que podo especular na miña mente que no que podo coñecer empiricamente. Pero Ntzs non só fai esta afirmación senón que denuncia de onde ven. A fe na razón é, tamén, unha valoración moral. O propio da moral é desconfiar do corpo e das paixóns considerándoas os factores determinantes do que o SH erre e se afaste do camiño do “ben” (a racionalidade). A moral desvaloriza o corpo e as paixóns converténdooas en responsables de todo “o mal” que lle suceda. E isto sucede porque a metafísica os considera (ao corpo e as súas paixóns) os responsables do gran erro que é tomar ao mundo sensible ca súa mutabilidade e multiplicidade, como o mundo auténtico, xustamente porque non son capaces de ver nada máis aló. Como reacción á sensibilidade nace a razón, fonte de verdade. Confiar cegamente nunha razón estable e estática é unha idealización filosófica.

2.2.3.- Crenza no coñecemento obxectivo: de novo motivado pola necesidade de orden e permanencia, a metafísica ten tendencia a desvincular o coñecemento das condicións concretas e particulares en que se produce para consideralo en si mesmo e poder clasificalo como “coñecemento obxectivo” e universalmente válido. Pero Ntzs renega de este coñecemento considerándoo ilusorio; o coñecemento é un acto máis da vida e a vida non se produce en abstracto senón en cada situación concreta, e é nesa situación concreta que coñecemos e é válido para ela e só para ela. A metafísica é **coñecemento incondicionado** situado máis aló das dimensións humanas (corpo, paixóns, sentimentos). O coñecemento obxectivo é unha idealización filosófica.

2.3.- Intencionalidade da Metafísica

A peculiaridade da metafísica, fronte a outras formas de coñecemento, é a absolutización da verdade ao converter unha tendencia en algo transcendente e, polo tanto, eterno, inmutable e incuestionable; un valor supremo. Os valores morais convértense en incondicionados e

absolutos; o pensamento moral toma valores naturais e os absolutiza. O fundador da metafísica é en realidade o fundador da moral: Platón.

Para entender isto, Ntzs presenta a ecuación fundamental da filosofía platónica que será a base de toda a cultura occidental:

Ser=Verdade=Ben.

O **Ser** é aquel dotado por antonomasia de unidade, simplicidade (non se pode dividir), permanencia e eternidade; o coñecemento verdadeiro é acadar esta **verdade** (o Ser de Parménides, as ideas de Platón, a ousia de Aristóteles, a *res cogitans* de Descartes- ...). Pero non contentos con isto, tamén equipararase esta verdade con un valor moral: a verdade é o bo. O que aporta a verdadeira felicidade, e que “realiza” ao SH como tal, é o coñecemento de esta verdade. Este coñecemento da verdade preséntase como o único procedemento do SH para acadar a felicidade e afastarse da animalidade. Pero o feito de preferir a verdade á mentira porque é mellor para o SH, é só unha valoración moral, non ten ningunha outra razón de ser.

3.- A MORTE DE DEUS

A proclamación da morte de Deus por parte de Ntzs, haina que entender como a morte/desaparición do fundamento da moral e da verdade establecida; é a desaparición do valedor (o punto sobre o que érguese) a cultura occidental.

O SH é creador de valores; o valor da sentido a súa vida, é unha necesidade. É o SH quen puxo o valor sobre as cousas e así deulles sentido; por tanto o sentido das cousas é un sentido humano (non intrínseco das cousas). Platón puxo ese valor das cousas en algo externo ao SH e incluso externo á realidade na que vive: no mundo intelixible que é un mundo metafísico. Os pais da igrexa (ignorando o mandato orixinal do cristianismo) recollen o mandato platónico e dan valor a un home que vive pensando na morte, nunha vida afastada da vida real. Por tanto podemos dicir que dende Platón, occidente mide e ten como norma, un concepto de verdade e de ben, adquirido, engadido. O máximo valor é suprasensible; é a idea de BEN. O cristianismo toma esta idea de BEN e a transforma en Deus. Pasa de ser un deus facedor a ser un deus creador. Os teólogos cristiáns viron no Ben platónico un antecedente racional do deus único.

Ntzs sente a necesidade de desenmascarar ese Deus e a dos seus valores, por eso propón a súa morte que é a revalorización do mundo sensible fronte ao mundo suprasensible. A morte de Deus é a culminación do proceso de secularización iniciado na Modernidade, segundo a cal, a relixión será progresivamente apartada de todos os ámbitos.

(O descenso de Zaratustra)

4.- NIHILISMO

Morto Deus e desmoronado o sistema de valores que sustentaron a occidente durante séculos, prodúcese un gran baleiro: o SH xa non cre en nada; isto é o **nihilismo negativo**, este sentimento de desorientación e baleiro. Superouse o sistema de valores platónico-cristiáns pero agora non hai nada. Só queda unha cousa: **a vida**, o instinto de vivir liberado de normas e valores. Ao negar eses valores está a negalos todos xa que pensa que non son os únicos que poden existir. O nihilismo é a desvalorización de todos os valores non é un simple cambio de

valores. Ata de agora o horizonte era a relixión e a transcendencia, nelas residía o valor e a dirección correcta. Sen iso a vida non ten sentido. Este é o **home nihilista**, o que non cre en nada máis aló da vida. É unha actitude de abatemento e pesimismo.

Pero coidado porque o nihilismo de Ntzs non é **nihilismo negativo**, é **nihilismo activo** ou construtor que rechaza o escepticismo en tanto que supera o negativo e o converte en positivo. Ntzs pretende superar o nihilismo das consciencias europeas do século XIX. Non quere mirar atrás, a superación do nihilismo esixe ir cara adiante, crear algo novo, uns valores novos e unha moral nova. Esta moral nova é a do **superhome**.

Desta superación do baleiro nacera o superhome un ser absolutamente libre, sen prexuízos morais, enganchado á vida e aos seus instintos. O superhome é un elo por enriba do home ao que deixa atrás como un ser bloqueado, alienado, desgraciado e sometido. En *“Así falou Zaratustra”* presenta as tres idades do SH ou a evolución do espírito: o primeiro é o **camelo** que carga con unha pesada mochila de moralidade, normas e costumes que o fai profundamente infeliz pero sen ánimos de revelarse; o segundo é o **león** valente pero enfadado, loitando por desfacerse da carga; o último estadio é o **nenó** inocente, libre, sen prexuízos pero sen rabia que vive feliz.

Para o novo home o valor supremo será **a vida** (non o ben nin a verdade); a vida entendida como vontade de poder, de ser, de existir (sen carga moral). A vontade de poder é a esixencia irreprimible de ser, de ocupar, de impoñerse; en iso consiste a vida: na necesidade de ser. Polo tanto máis aló do ben e do mal, máis aló do verdadeiro e o falso, máis aló do pracer e a dor, só hai vontade de ser, **vontade de poder**. O **vitalismo** é a esixencia da transmutación de valores que da paso á vida.

6.- TRANSCENDENCIA DO PENSAMENTO DE NIETZSCHE

Nietzsche é considerado un dos grandes “mestres da sospeita”. Xunto a Marx e Freud, “sospeitaron” que tras os valores da modernidade e a cultura occidental, ocultábanse escuros intereses. Os tres sentiron a necesidade de atopar un método de interpretación para acceder a esta realidade oculta: Marx formulou no *“Capital”* o materialismo histórico como instrumento capaz de descubrir que baixo os valores dominantes da sociedade atopábanse os intereses de clase, Freud atopou na psicanálise o método para acceder ás motivacións irracionais e instintivas do inconsciente humano que subxacen baixo nosa aparente racionalidade, e Nietzsche na súa *“Xenealoxía da moral”* utilizou o método xenealóxico para descubrir que tras os valores morais da civilización occidental ocúltase a vontade de poder e o resentimento dos débiles fronte aos fortes. Este labor hermenéutica dos “mestres da sospeita” inaugurou a crise dos ideais da Ilustración e a actitude de renuncia de gran parte dos filósofos da actualidade, á posibilidade dunha comprensión total da realidade humana.

Aínda que hai quen sostén que a característica definitoria de Nietzsche non é tanto a temática que trataba senón o estilo e a sutileza con que o facía, foi un autor que introduciu, como ningún outro, unha cosmovisión que reorganizou o pensamento do século XX. A súa influencia foi particularmente notoria nos filósofos existencialistas, teóricos críticos, fenomenolóxicos, postestructuralistas e posmodernos , - pódense citar filósofos como: Heidegger, Foucault, Derrida, Deleuze, Bataille, Vattimo ou Onfray, entre moitos outros.